

### 6.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos de avaliación que se aplicarán para a materia de Lingua galega e Literatura para o curso 2021-2022, tanto se transcorre de xeito presencial, non presencial como semipresencial, son os seguintes:

Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
LINGUA GALEGA e LITERATURA 1.º, 2.º, 3.º e 4.º ESO	Coñecementos adquiridos e manifestados nos distintos exames, probas, traballos, etcétera.	60 %	Para poder aprobar a materia será de obrigada lectura o libro encomendado para cada avaliación.
	Claridade lectora, comprensión dos textos lidos, riqueza e precisión oral e escrita, competencia gramatical e riqueza léxica, dominio efectivo das normas ortográficas, capacidade para manexar fontes de información, etcétera. Correcta elaboración de exercicios na aula e presentación das tarefas encomendadas para realizar na casa.	30 %	As faltas de ortografía cometidas en todo tipo de escritos (exercicios, traballos, exames, etc.) penalizaranse con ata un máximo de tres puntos, conforme ao seguinte baremo: · Un erro no emprego das grafías: 0,2 puntos. · Un erro de acentuación ou puntuación: 0,1 puntos.  A deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscaduras, etc.) dos escritos, poderá dar lugar a unha penalización de ata 1 punto na súa cualificación.
	<u>Curso presencial:</u> Actitudes exhibidas ao longo do curso, reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento na clase; na dilixencia e pulcritude na entrega de traballos, exercicios, etc. que se soliciten de xeito presencial, a través da aula virtual, correo electrónico ou outros medios, no seu interese cara ás distintas manifestacións lingüísticas e literarias traballadas durante o curso.	10 %	Os traballos e exercicios que se soliciten terán unha data de entrega que será de obrigado cumprimento por parte do alumnado.
	<u>Curso non presencial:</u> Actitudes exhibidas nas conexións ás clases en liña, reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento; na dilixencia e pulcritude na entrega de traballos, exercicios, etc. que se soliciten a través da aula virtual, correo electrónico ou outros medios, no seu interese cara ás distintas manifestacións lingüísticas e literarias traballadas durante o curso.		
<u>Curso semipresencial:</u> Actitudes exhibidas ao longo do curso, tanto presencial como nas conexións ás clases en liña que puidese haber, reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento. Tamén se terá en conta a pulcritude e dilixencia na entrega de traballos, exercicios, etc. que se soliciten a través da aula virtual, correo electrónico ou outros medios; así como o seu interese cara ás distintas manifestacións lingüísticas e literarias traballadas durante o curso.			